

# ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA. CURSO 2019/2020

CENTRO: CEIP “MANUEL FRAGA IRIBARNE”

CURSO: SEXTO

MATERIA: Educación Física

DATA: 4 de maio 2020

Instrucións do 27 de abril de 2020, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa para o desenvolvemento do terceiro trimestre do curso académico 2019/20, nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia.

## ÍNDICE

- 1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles.**
- 2. Avaliación e cualificación.**
- 3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, reforzo, repaso, e no seu caso ampliación)**
- 4. Información e publicidade.**

Para a selección dos estándar de aprendizaxe seguíronse os seguintes criterios:

1. Que sexa factible nunha metodoloxía de aprendizaxe non presencial.
2. Que sexa factible desde o punto de vista da realización nunha situación de confinamento.
3. Que sexa medible mediante os instrumentos dos que se dispoñen nesta situación. Non se solicitará ao alumnado a grabación de vídeos.

## 1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles

Criterio de avaliación	Estándar de aprendizaxe
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B1.2. Extraer e elaborar información relacionada con temas de interese na etapa, e compartila, utilizando fontes de información determinadas e facendo uso das tecnoloxías da información e a comunicación como recurso de apoio á área.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ EFB1.2.1. Utiliza as novas tecnoloxías para localizar e extraer a información que se lle solicita.</li> <li>▪ EFB1.2.2. Presenta os seus traballos atendendo as pautas proporcionadas, con orde, estrutura e limpeza, e utilizando programas de presentación.</li> <li>▪ EFB1.2.3. Expón as súas ideas de forma coherente e exprésase de forma correcta en diferentes situacións e respecta as opinións dos e das demais.</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B1.3. Demostrar un comportamento persoal e social responsable, respectándose a un mesmo e ás demais persoas nas actividades físicas, en distintos contornos incluíndo a natural e nos xogos, aceptando as normas e regras establecidas e actuando con interese e iniciativa individual e traballo en equipo.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ EFB1.3.3. Incorpora nas súas rutinas o coidado e hixiene do corpo.</li> <li>▪ EFB1.3.6. Recoñece e respecta as normas de educación viaria en contornos habituais e non habituais.</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B5.1. Recoñecer os efectos do exercicio físico, a hixiene, a alimentación e os hábitos posturais sobre a saúde e o benestar, manifestando unha actitude responsable cara a un mesmo.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ EFB5.1.2. Relaciona os principais hábitos de alimentación coa actividade física (horarios de comidas, calidade/cantidade dos alimentos inxeridos etc.).</li> <li>▪ EFB5.1.3. Recoñece os efectos beneficiosos do exercicio físico para a saúde e os prexudiciais do sedentarismo, dunha dieta desequilibrada e do consumo de alcohol, tabaco e outras substancias.</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B5.3. Identificar e interiorizar a importancia da prevención, a recuperación e as medidas de seguridade na realización da práctica da actividade física.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ EFB5.3.1 Explica e recoñece as lesións e enfermidades deportivas máis comúns, así como as accións preventivas e os primeiros auxilios.</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B6.2. Coñecer, valorar e poñer en práctica a diversidade de actividades físicas, lúdicas, deportivas, en especial as de Galicia.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ EFB6.2.1. Expón as diferenzas, características e/ou relacións entre xogos populares, deportes colectivos, deportes individuais e actividades natureza.</li> <li>▪ EFB6.2.2. Recoñece a riqueza cultural, a historia e a orixe dos xogos e os deportes tradicionais de Galicia.</li> </ul>

## 2. Avaliación e cualificación

<b>Avaliación</b>	<p>Procedementos: Seguimento da participación do alumnado na plataforma EVA. Comunicacións do alumnado a través da plataforma EVA.</p>		
	<p>Instrumentos: Informes de participación xerados pola plataforma EVA</p> <p>Entrega de tarefas coa publicación en EVA , ou en formato papel no caso de consensualo co alumnado.</p>		
<b>Cualificación final</b>	<p><u>Para unha situación persoal sen dificultades:</u></p>		
	<b>Criterio</b>	<b>Porcentaxe</b>	<b>Instrumento</b>
	Cualificación da segunda avaliación	100%	Rexistro da segunda avaliación.
	<b>Incrementos sobre a cualificación anterior, ata 3 puntos.</b>		
	Accede ao curso na aula virtual EVA e revisa os materiais expostos.	33%	Rexistro de actividade na aula EVA
	Entrega as tarefas propostas na aula EVA.	33%	Número de tarefas entregadas
	Amosa interese, participa en foros e colabora coas compañeiras e compañeiros	33%	Rexistro de actividade na aula EVA.
<p><u>Para unha situación persoal con dificultades de diversa índole: limitacións de equipamento tecnolóxico, imposibilidade de apoio familiar, estado de saúde e/ou emocional que impida desenvolver o traballo:</u></p> <p>Analizarase a situación coa familia co fin de consensuar unha calificación positiva para o alumnado, este aspecto quedará reflectido no informe final. A cualificación final en ningún caso será inferior á nota da segunda avaliación.</p>			

<b>3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, repaso, reforzo, e no seu caso, ampliación)</b>	
<b>Actividades</b>	<p><b>Unidades didácticas integradas:</b></p> <p><b>1.- Alimentación: as dietas.</b> Dieta e alimentación saudable. Actividade: comentario de fotografías coa dieta semanal de familias de diferentes países do mundo. Actividade física: zumba</p> <p><b>2.- Alimentación: a composición dos alimentos.</b> Etiquetado nutricional, lista de ingredientes e outras informacións nas etiquetas dos alimentos envasados. Actividade: investigación sobre o etiquetadosos alimentos envasados. Actividade física: hip-hop</p> <p><b>3.- Coidado do corpo.</b> Ósos e músculos, hixiene, enfermidades e lesións. Actividades interactivas. Actividade: crear campaña publicitaria, test. Actividade física: retos.</p> <p><b>4.- Educación viaria</b> Contidos relacionados coa ed. Viaria. Actividades: investigación. Actividade física: paseo / bicicleta na rúa.</p> <p><b>5.- Xogos e deportes.</b> Deportes, xogos e xogos tradicionais de Galicia. Actividade: investigación. Actividade física: xogo na rúa.</p>
<b>Metodoloxía (alumnado con conectividade e sen conectividade):</b>	<p>Optarase por metodoloxías de acompañamento e guía do alumnado durante a aprendizaxe en período de confinamento. A relación co alumnado establecerase de xeito principal mediante a plataforma EVA.</p> <p><b>Alumnado sen conectividade.</b> O concello facilitou a conexión a Internet ao alumnado. No caso de detectarse algún desequilibrio relacionado co manexo de equipos informáticos ou de conectividade, comunicarase ao alumnado a alternativa ao uso da plataforma EVA, neste caso o envío de tarefas ou a realización en papel será voluntaria para o alumnado.</p>
<b>Materiais e recursos</b>	<p>Aula virtual <a href="#">EVA</a></p> <ul style="list-style-type: none"> <li>• Documentos en formato digital.</li> <li>• Vídeos seleccionados de Internet.</li> <li>• Vídeos de elaboración propia.</li> <li>• Actividades interactivas de elaboración propia ou de terceiros.</li> </ul> <p>Recurso que o alumnado ten dispoñible nos seus fogares.</p>

#### 4. Información e publicidade

<b>Información ao alumnado e ás familias</b>	Publicación no curso correspondente da aula virtual do colexio. Incorporación á circular que enviará a persoa titora mediante AbalarMóbil
<b>Publicidade</b>	Publicación na portada do sitio web oficial do colexio: <a href="http://colearino.net">http://colearino.net</a>